



UNIDADE 5

Dixeches que o farías

**Nesta unidade imos reclamar por algo co que non estamos de acordo.
Para iso, imos aprender:**

◆ algunhas partículas temporais: **ata que, cando, tan pronto como** + presente/imperfecto/futuro de subxuntivo ◆ usos de **se** e dos pronomes **me/che/lle...** para expresar a involuntariedade ◆ a aludir a promesas en estilo indirecto ◆ a reclamar o cumprimento dun compromiso ◆ a formar palabras: adxectivos con prefixos, sufixos e compostos ◆ vocabulario do ámbito dos medios de comunicación

1. TELEGA

A. Que canles de televisión adoitas ver? Que opinión tes sobre elas? Que tipo de programas prefires? Por que? Coméntao cos teus compañeiros.

B. Le o texto de presentación que aparece na web ficticia da nova canle galega TeleGA. Gustaríache que houbese unha canle así? Veríala? Por que?

• Case sempre vexo concursos. O que máis me gusta é...

TeleGA

A TÚA CANLE, A NOSA

A partir da próxima semana, TeleGA comezará a súa emisión en todo o territorio galego, ademais dunha canle internacional que se poderá seguir en Arxentina, México e Brasil. TeleGA é un proxecto que pretende ofrecer algo diferente para todas as franxas de idade, e na que o espectador é o auténtico protagonista da oferta televisiva.

En TeleGA apostamos fundamentalmente polo telespectador e pola interacción con el. Estimularemos a súa participación: quen teña algo que contarnos (unha crónica, unha reportaxe ou o seu punto de vista sobre a actualidade informativa) poderá enviarnos o seu vídeo, que formará parte da nosa programación semanal.

Queremos tamén que a nosa televisión vaia á vangarda das novas tecnoloxías e poida chegar ao maior número de persoas posible. Para iso, a programación poderá seguirse en internet e, polo tanto, será accesible para quen prefira acompañarnos a través da rede ou para quen, lonxe de Galicia, non poida seguirnos por televisión.

A nosa programación será sometida constantemente á valoración dos espectadores. A grella televisiva está e estará pensada para eles e, por tal motivo, recollerase todo tipo de información, a través de enquisas e cuestionarios, para saber se a oferta televisiva é do agrado do público. Ademais, habilitaremos unha caixa de mensaxes do Defensor do Espectador, para que os nosos seguidores poidan realizar todas as achegas que consideren oportunas.

Apostamos tamén por unha televisión con carácter formativo, estimulando os programas de contido cultural e de información política e social. Os nosos telexornais combinarán a actualidade informativa coa valoración e o punto de vista dos nosos principais analistas políticos. Faremos unha oferta de programación variable, na que fuxiremos da monotonía e da programación estable. Procuraremos a sorpresa do público con programas novos, diferentes e creativos, que cubran contidos televisivos inexistentes no sector audiovisual. Contaremos cun comité de regulación deontolóxico, formado por personalidades importantes do mundo audiovisual, académico e científico. Eles serán a principal garantía de que todos os contidos que se ofrezan posuirán a calidade que os nosos espectadores merecen.

E, por último, TeleGA é fundamentalmente unha televisión pensada por e para os galegos, sen esquecer-nos, por suposto, dos galegos que viven no estranxeiro. É unha iniciativa integramente autóctona, con patrocinios e investimentos de capital galego que nos permite, ademais, unha redución considerable das pausas por publicidade. Alén diso, os contidos centraranse na nosa realidade, da que pretendemos ser testemuñas e cronistas.

Esperámosvos en TeleGA!

2. PROGRAMACIÓN SEMANAL

A. Mira a programación de TeleGA para tres días diferentes. Cres que responde ás intencións que declararon na súa presentación? Por que? E ti, baseándote na túa programación ideal, que suprimirías e que engadirías?

Tele GA

LUNS

- 7.00** Informativos
- 9.00** Vida saudable: os alimentos transxénicos
- 10.00** Bo día Galicia (*magazine*)
- 13.00** O tempo
- 15.00** Ilusións (cap. 64)
Sabela coñece por Rosario a traizón de Xosé María
- 16.00** Na sobremesa (revista de actualidade)
- 17.00** Queixo con marmelo. Para os máis pequenos
- 20.00** Atrapados na cociña (concurso)



- 21.00** Fóra de xogo (análise da liga de fútbol)

- 22.00** A película
- 0.30** Os teus vídeos
- 1.30** Á lúa de Sanxenxo

MARTES

- 7.00** Grandes documentais ("Galegos en Chicago")
- 9.00** De compras
- 10.00** Primeira impresión: entrevista co conselleiro de Economía e Facenda



- 12.00** A cociña de Antón Mourellos

- 13.00** O tempo
- 13.30** Informativos
- 15.00** Ilusións (cap. 65)
Sabela decide verse con Andrés Eduardo
- 17.00** Volta Ciclista do Apóstolo
- 20.30** Os Ferreira (comedia)
- 21.50** Saber e correr (concurso de cultura xeral)
- 23.00** A debate: a Lei de solo urbano
- 1.30** A mellor sintonía (programa dedicado á música clásica)

MÉRCORES

- 7.00** Con lupa (Andrés López fai o comentario político da semana)
- 10.00** Bo día Galicia (*magazine*)
- 12.00** O Compás (hoxe visitamos Baños de Molga)
- 13.00** Informativos
- 13.30** O tempo
- 15.00** Ilusións (cap. 66)
A sogra de Sabela ten unha cita con Andrés Eduardo. Será unha trampa?
- 16.30** O teu taller (programa sobre bricolaxe)



- 18.00** Concerto

- 20.00** Os teus vídeos
- 22.00** Tolos pola música (concurso)


• Eu creo que, en principio, cumpre a filosofía, aínda que...

B. Imaxina que TeleGA comprou un espazo nos xornais para anunciarse. En parellas, creade a páxina publicitaria da canle.



3. OS TELESPECTADORES RECLAMAN

A. Un ano despois da presentación da canle, unha espectadora escribiulle unha mensaxe ao Defensor do Espectador na que se queixa da programación de TeleGA. Logo de lela, di cales son os aspectos que máis lle molestan.



B. As frases subliñadas expresan relacións temporais. Poderías identificar cales se refiren ao presente, ao pasado e ao futuro? Logo, en parellas, discute se hai outras combinacións verbais posibles.

C. A mesma espectadora decidiu enviarlle a mensaxe anterior ao director xeral de TeleGA e tivo que reestruturala, tal cal aparece a continuación. Co teu compañeiro, comparádeas coa versión anterior e comentade as diferenzas que atopades.

Estimado Sr. director xeral de TeleGA:

Con motivo do primeiro aniversario da súa compañía, quero escribirlle para expresarlle a miña opinión sobre a súa televisión como espectadora que son. Aínda que debo dicirlle que son unha espectadora de TeleGA desencantada, dadas as expectativas que me xeraron as súas atractivas promesas. Por conseguinte, non podo deixar de reclamar polos deficientes contidos que, ao meu modo de ver, ten a súa programación.

Antes que nada, quero trasladarlle o meu malestar pola escasa orientación galega da súa programación. Malia que se publicitase como tal, agás o nome, non ten nada que a diferencie das programacións convencionais das demais televisións. De feito, non percibo nada innovador na programación semanal, contrariamente ao que nos prometeron.

Asemade, teño que discrepar do suposto protagonismo que lle dan ao espectador. Coido que uns vídeos caseiros escasos de interese e o ton falsamente próximo dos presentadores do telexornal non son a mellor forma de respectar o público. Ante esta situación, pregúntome se seguen a opinión dos espectadores que supostamente lles proporcionan as súas enquisas, xa que, na liña do expresado anteriormente,

dubido moito que un programa de manualidades á media tarde e unha serie tan longa como aburrida se encontren entre as prioridades da audiencia.

Por último –e como razón principal pola que lle traslado esta reclamación–, teño que engadir a carencia de regulación dos contidos, posto que non entendo como non eliminan a vulgaridade que exhiben a maioría dos magazines e concursos ou discursos que están na fronteira do eticamente tolerable, como, por exemplo, os comentarios machistas do programa *De compras*. Dito isto, aproveito tamén para preguntarlle onde está o comité ético que tanto publicitan e do que tan pouco sabemos.

En conclusión, lamento dicirlle que non é esa a televisión formativa e informativa que prometeron e que esperabamos. Considero que os galegos merecemos unha oferta televisiva máis digna, e desexo que a partir de agora esta canle poida ofrecérnola.

Agradecéndolle a atención dispensada, despídome trasladándolle os meus máis sinceros desexos de que as observacións sinaladas sirvan para mellorar a programación de TeleGA. De ser así, coido que todos sairemos gañando.

Atentamente,

Amalia García

D. Os elementos que aparecen en grosa son organizadores discursivos. Sabes para que se utilizan? Poderías clasificalos no cadro de abaixo segundo a función que desempeñan na carta? Logo, compara a túa clasificación coa dun compañeiro e aclarádeo co voso profesor.

Ordenar	Expresar causa	Concluir	Expresar consecuencia
antes que nada			

Matizar	Expresar contraste	Exemplificar

4. LINGUAXE PUBLICITARIA

A. A continuación, relaciona os slogans de anuncios publicitarios do cadro amarelo cos contidos das respectivas campañas que figuran no cadro branco.

OBTÉN UN PURA SANGUE

COS PÉS NO CHAN

TODOS IGUAIS.

TODOS DIFERENTES

Nas mellores mans

INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADES

PLAN DE PENSIÓNS

COCHE ALTO DE GAMA

UNHA MARCA DE XOIAS

B. Despois de efectuar a relación, discute en grupo o significado de cada unha das frases e a técnica de persuasión que utilizan. Ademais, que slogan alternativo proporías en cada caso?

5. É UN FUXEFUXE!

A. Nas frases de abaixo, identifica e subliña os adxectivos que aparecen. Logo, comenta co teu compañeiro como cres que se formou cada un deles.

1. Xurxo é un cara lavada. Sempre marcha cando lle toca a el pagar a rolda.
2. Non intentes convencer a Marcos de que non ten razón. É un teimoso e nunca o vai recoñecer.
3. Sabela non ten moitos amigos e prefire a soidade. É moi insociable.

B. Algúns dos adxectivos desta lista fórmanse da mesma maneira. Podes facer diferentes grupos? Coñeces outros adxectivos que se formen igual? Intenta ampliar a lista cos teus compañeiros.

desconsiderado/a	fachendoso/a	falabarato
abusón/ona	comecartos	irresponsable
inxusto/a	altivo/a	festeiro/a
malfalado/a	desorganizado/a	fuxefuxe
mentireiro/a	impaciente	desaxeitado/a

C. Agora completa as seguintes frases cos adxectivos da lista anterior que consideres máis axeitados.

1. Sempre lle deixo libros e lle axudo cos traballos do instituto. E agora que lle pido que me faga unha tradución, dime que non ten tempo. En fin, que é unha
2. Que neno máis! Non para quieto en todo o día.
3. Dixo que nos esperaría. Atrasámonos dez minutos en chegar e resulta que xa marchara. Que
4. Dixo que preparásemos nós a cea, que ela non se atopaba moi ben, pero Antonio viuna pola rúa cun amigo. É unha
5. Pero que é! Nunca está na casa os sábados pola noite, non perde un aniversario e, nas verbenas, baila mentres toca a orquestra.
6. A Fortunato con frecuencia lle desaparecen os papeis importantes na oficina e, ademais, a súa axenda pérdese a miúdo. É un

D. Na última frase da actividade anterior atópanse dúas formas de expresar a involuntariedade da acción indicada. Poderías identificalas? Sabes en que consisten? Coméntao co teu compañeiro e, entre os dous, intentade poñer outros exemplos.



Organizadores do discurso

MATIZAR

- Sempre apoiei o traballo social; **de feito**, colaboro con varias entidades como voluntario.

ORDENAR

- **En primeiro lugar**, quero darlles a benvinda á nosa comunidade.
- **Asemade**, non podemos esquecer que as decisións as debemos tomar entre todos.
- **Dito isto**, quero lembraros que o comité está á vosa disposición para esclarecer o que faga falla.
- **Por último**, coméntolle que tampouco lles gustou o atraso na entrega dos materiais.

EXPRESAR CONTRASTE

- Non ten nada de seu, **malia** os cartos que fixo cando emigrou a América.
- Estivo estudando ata moi tarde, **malia que/aínda que** tiña/tivese que madrugar ao día seguinte.

CONCLUÍR

- **En conclusión**, debo dicir que o programa nos defraudou moitísimo.

EXPRESAR CAUSA

- Non chegaremos a tempo para a apertura, **xa que** non nos traen o coche antes das nove.
- **Posto que** non colle o teléfono, irei falar con el persoalmente.

EXPRESAR CONSECUCENCIA

- A xente parecía satisfeita con todo durante o seu primeiro mandato. **Por conseguinte**, volveu presentarse ás eleccións.

Correlacións das formas verbais nas construcións temporais

Referímonos ao presente ou a algo habitual

- **Cando sae** da casa, sempre **pecha** con dous ferrollos.

Referímonos ao pasado

- **Cando saíu** da casa, **atopou** o paquete.
- Onte, **cando estaba comendo/comía** no bar da esquina, **atopou** un antigo compañeiro do colexio que non vía había vinte anos.
- Antes, **cando me erguía**, sempre **puña** a radio para escoitar as noticias.

Referímonos ao futuro

- **Cando saias/sáires** da casa, **apaga** as luces, por favor.
- **Cando saibamos/soubermos** o que ocorreu, **dicimoscho/díremoscho**.

Ademais de **cando**, existen outros conectores temporais que seguen as mesmas regras respecto aos tempos verbais, pero con usos máis específicos.

SIMULTANEIDADE

Para indicar que unha acción ten lugar ao mesmo tempo ca outra ou que se contrapón a ela, emprégase **mentres**.

- Por que os gobernos non **fan** nada **mentres os bosques tropicais desaparecen**?
- **Mentres en Europa os homes vivían en covas**, en Exipto florecía unha sofisticada civilización.
- **Mentres puideron**, os bombeiros **evitaron** que o lume se estendese.
- **Mentres non protestemos/non protestarmos** de verdade, **seguirán** emitindo ese tipo de programa.

SUCESIÓN INMEDIATA

Se un feito é inmediatamente posterior a outro, úsanse frecuentemente **en canto**, **tan pronto como** ou **ao**.

- **En canto** me **digan** algo, **chámote**.
- **Tan pronto como saiba** algo, **digocho**.
- **Ao chegarmos** á casa, **chamámoste/chamarémoste**.

LÍMITE TEMPORAL

Se un feito é o límite temporal de outro, emprégase **ata que**.

- Espereino **ata que veu** do traballo.
- Esperarei aquí **ata que chegue** o autobús.

! Nalgunhas construcións, se os suxeitos coinciden, o segundo verbo pode aparecer en infinitivo.

- *Na voda do meu irmán comín ata non poder máis.*
(= *ata que non puider máis*)



Formación de cualificativos

Moitos adxectivos en galego fórmanse a través dos recursos de prefixación, sufixación e composición.

PREFIXACIÓN

Consiste na colocación de elementos, denominados prefixos, diante dunha palabra ou raíz, formando unha nova palabra cun significado distinto. Coa prefixación, a nova palabra xeralmente pertence á mesma clase de palabras á que pertencía a que lle serviu de base.

desfeito = **des** + **feito** (adxectivo)
inútil = **in** + **útil** (adxectivo)
interurbano = **inter** + **urbano** (adxectivo)
extrafino = **extra** + **fino** (adxectivo)

SUFIXACIÓN

Trátase da colocación de elementos, denominados sufixos, detrás dunha palabra ou raíz para crear unha nova palabra ou modificar o significado da palabra á que se une. As palabras formadas por sufixación poden pertencer ou non á mesma clase da palabra base.

flor (substantivo) + **al** = **floral** (adxectivo)
falar (verbo) + **deiro** = **faladeiro** (adxectivo)
 abusivo/a
 chorón/a

COMPOSICIÓN

É a unión de dous ou máis elementos que xa existen na lingua como palabras, para formar unha nova.

mal + **educado/a** = **maleducado/a**
agre + **doce** = **agridoce**
cara + **de** + **pau** = **cara de pau**

Contraccións con indefinidos

O indefinido **un** (e as súas variantes), cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: **dun, dunha, duns, dunhas; nun, nunha, nuns, nunhas; cun, cunha, cuns, cunhas**. Non obstante, no seu emprego pronominal, contrae con **de** e **en**, pero non coa preposición **con**.

- **Cunhas** reclamacións estamos de acordo, con outras non. (= adxectivo)
- Cada fin de semana sae **con unha**, non quere volver namorarse. (= pronome)

Asemade, **ambos** contrae coa preposición **entre**, formando **entrambos** e **entrambas**.

- **Entrambos** os socios levaron a empresa á ruína.

Os indefinidos **algún** e **outro** (e as súas variantes) contraen coas preposicións **de** e **en**, da seguinte maneira:

	algún	outro
de	dalgún, dalgunha dalgúns, dalgunhas	doutro, doutra doutros, doutras
en	nalgún, nalgunha nalgúns, nalgunhas	noutro, noutra noutros, noutras

Expresión da involuntariedade: uso dos pronomes me/che/le...

En ocasións, expresamos a involuntariedade dunha acción por medio de oracións pronominais. Nestes casos, o suxeito gramatical non é a persoa, senón o obxecto.

ACCIÓN VOLUNTARIA

- Para entrar na casa, os ladróns **romperon** a ventá do salón.

ACCIÓN INVOLUNTARIA

- A Anxo **rompeulle** a camisa no medio da festa.
- A min unha vez **rompéronme** os pantalóns nunha voda.



Ás veces, a involuntariedade só pode expresarse cun cambio de verbo.

- Berta **tirou** as fotos ao chan, estaba moi enfadada.
- A Helena **caéronlle** as fotos ao chan. (sen intención de facelo, por descoido)

Moitos verbos aparecen co pronome **se** para presentar un proceso ou o resultado dunha acción sen aludir á intervención de ningunha persoa.

perder	perderse
ensuciar	ensuciarse
manchar	mancharse
mollar	mollarse

- Mira como **se manchou** outra vez o mantel.
- Estou farto! Este ascensor **avariase** cada dous por tres.



6. AUDIOVISUAL GALEGO




A. Un xornalista da axencia de información Fistera Express redactou un texto sobre o contido dunha entrevista a Antón Reixa, do programa *Diario Cultural* da Radio Galega, para divulgalo nos medios de comunicación. Logo de ler o texto, escoita a entrevista e tenta engadirlle polo menos tres informacións que non aparezan na redacción do xornalista.

O sector audiovisual galego encóntrase de parabéns esta semana. O motivo foi o acordo ao que chegaron co presidente da Xunta de Galicia para a dotación de 13 millóns de euros co fin de impulsar a produción cinematográfica nos anos 2008, 2009 e 2010.

O colectivo acolleu con enorme satisfacción a iniciativa, tal como lle expresou Antón Reixa, presidente do Clúster Audiovisual Galego, á Radio Galega. Reixa amosouse moi satisfeito polo acordo alcanzado e afirmou que axudará a garantir e potenciar a iniciativa cinematográfica galega. O polifacético artista lembrou que a dotación se circunscribe nunha normativa europea, segundo a cal as televisións públicas e privadas debían destinar o 5% dos seus ingresos para a produción cultural. Isto, segundo o ex-líder de Os Resentidos, tiña que reverter na parte da televisión que ten máis que ver coa cultura: producións de longametraxes, telefilmes ou documentais. Asemade, insistiu en que nos filmes de produción e coprodución propia é onde mellor cristaliza o valor cultural da televisión.

Reixa enmarcou o acordo nun decálogo que o sector lle fixera chegar ao presidente da Xunta de Galicia e que recollía a petición do cumprimento deste 5% e a solicitude dunha maior coordinación entre o sector audiovisual -dado o seu carácter estratéxico- e os diferentes departamentos da Xunta, para evitar, deste xeito, a actual política de dispersión relacionada coa actividade audiovisual.

Finalmente, concluíu insistindo no alivio que para o colectivo supón este acordo e animou os axentes do sector para que respondan a esta iniciativa coa elaboración de contidos culturais atractivos para o telespectador.



B. Agora fíxate nos verbos que introducen o discurso de Reixa. Poderías marcalos? Busca un sinónimo para cada un deles.

Antón Reixa naceu en Vigo en 1957 e é quizais un dos artistas máis polifacéticos e innovadores da Galicia actual. Filólogo de formación, axiña comezou a sentir inquietude pola creación poética e, en 1975, creou o Grupo de Comunicación Poética Rompente, co que publica o libro colectivo *Silabario da turbina*. Logo incrementará a súa produción co poemario *As ladillas do travesti*.

Nos oitenta participa da movida musical viguesa e lanzará en 1982 o grupo Os Resentidos que converterá a canción "Fai un sol de carallo" nun éxito de masas. Nese período comeza a compaxinar a creación coa produción de videoclips musicais e convértese nun dos personaxes máis mediáticos do país, xa que comeza a colaborar en programas de radio e televisión.

Neste medio, en 1998 estrea coa TVG e como director a serie *Mareas Vivas* que bate marcas de audiencia na canle autonómica. Un ano máis tarde funda Portozás Visión (hoxe en día Filmanova). Esta produtora realizará os dous últimos traballos como director de Reixa, os filmes *O lapis do carpinteiro* (adaptación da obra homónima de Manolo Rivas) e *Hotel Tivoli*.

7. PUBLICIDADE ENGANOSA

A. Algunhas persoas cren nas mensaxes publicitarias ao pé da letra. Le os seguintes anuncios e di que expectativas cres que se poderían ter en cada caso.


Unibanca



Escoitámolo,
cóntenos o seu
problema. Temos
a solución.

**Todo empieza
por ti**

O noso compromiso está claro: facer que os teus envíos cheguen a tempo e en perfecto estado. Sempre terás a garantía de que o teu envío está en boas mans.



SEGUR. Expertos en finais felices.

**XIMNASIO
OLIMPO**

Ven facer amigos nun ambiente san e agradable. Aberto toda a semana con acceso a calquera hora e a todas as instalacións: piscina, sauna, sala de fitness.



Atracción asegurada
para ela e para el.
Efecto 24 horas
cunha soa aplicación.

Zas



B. Elixes un dos anuncios e inventas un motivo para sentirti enganado. Cóntallo ao teu compañeiro, que tentará defender a posición da empresa.

- Eu comprei o desodorizante ZAS e, nada, saio o sábado a un concerto e...

8. A GRAN FINAL

A. Le o avance de como será a final dun concurso de televisión en TeleGA. Gustaríache participar nun programa deste tipo?



22.00 Quen cumpre, gaña.

A FINAL DE QUEN CUMPRE, GAÑA

Este venres ás 22 h, chega a hora da verdade: o desenlace en TeleGA do concurso *Quen cumpre, gaña*. Hai seis meses, dúas persoas presentáronse a un concurso para tentar darlles un cambio ás súas vidas. Un equipo formado por dous amigos dos concursantes e dous psicólogos idearon un “plan de acción”, unha serie de cambios destinados a mellorar as súas vidas. Cada concursante comprometeuse a cumprir un decálogo de recomendacións que preparara o seu equipo e, ademais, a ser observado durante eses meses. A canle puido seguir parte da súa evolución a través das cámaras, pero a parte máis decisiva será a das testemuñas que participaron nesta edición: persoas que forman parte da produción e que os concursantes non identificaron. Eles explicaránnos ata que punto Lois e Sonia cumpriron co seu programa e coa súa promesa. O que máis cumpra gañará un premio de 30.000 euros e un coche.

B. Le os perfís dos concursantes Lois e Sonia e, en grupos de catro persoas, escribide cinco cousas que credes que debe facer un deles para mellorar a súa vida.



LOIS

Vive só, é tradutor e traballa na casa. É moi individualista. Gústalle dar paseos solitarios, xogar moitas horas no ordenador ou estar conectado a Internet. Pasa horas lendo, algúns días non fala con ninguén. Apenas sorri. Viste sempre de negro. Come comida pouco sa. É un pouco roñón e moi crítico. Os seus amigos de toda a vida chámanos para saír, pero el acepta moi poucas veces e vaise afastando deles. Leva unha vida moi metódica.

1. Para relacionarse con máis xente, Lois ten que apuntarse a un ximnasio.

2.

3.

4.

5.



SONIA

Vive soa. Ten traballos esporádicos de produción de vídeos musicais e de publicidade que realiza a través de Internet. Non é moi sociable aínda que ten amigos. Leva unha vida moi activa e non ten (nin quere) compromisos. Sae con amigos de vez en cando e fai moitos tipos de actividades: vai ao ximnasio, a concertos, ao cine etc. O seu vestuario é pouco vistoso, sempre leva o mesmo estilo e as mesmas cores escuras. É unha persoa de poucas palabras e moi seca. Non ten horarios regulares nin saudables para nada: nin para comer nin para deitarse ou erguerse... Dorme pouco e abúrrese ao facer o mesmo durante dous días seguidos. Séntese dispersa e desorientada.

1.

2.

3.

4.

5.



9. QUEN CUMPRE, GAÑA

A. A continuación, ides ver a listaxe de propostas que fixo o equipo de psicólogos e amigos para Sonia e Lois; o problema é que están desordenadas. Co mesmo grupo no que traballaches a actividade anterior, tentade asignarlle a cada un a proposta que mellor lle acaia.

- 1 Fixeron que se apuntase nun grupo de excursionismo para que coñecese xente, estivese en contacto coa natureza e non puidese conectarse a Internet en toda a fin de semana.
- 2 Compráronlle un acuario e tres peixes tropicais aos que tiña que coidar e alimentar cada día para que se sentise responsable deles.
- 3 Gardaron baixo chave toda a súa roupa escura e compráronlle camisas e pantalóns de cores claras para que cambiase de humor e de imaxe e para que a xente apreciase o cambio.
- 4 Quedaron en que lle proporían plans imprevistos que supuxesen un parón na súa rutina diaria.
- 5 Fixeron que se matriculase nun curso intensivo de solfexo e música para que reforzase a disciplina e a vontade. Durante ese tempo, debía ensaiar polo menos dúas horas diarias.
- 6 Preparáronlle un plan semanal no que debería saltar o seu horario fixo de actividades.
- 7 Compráronlle varios libros que tiña que acabar de ler en catro semanas.
- 8 Compráronlle a serie de *Comida sa para toda a semana* en DVD para que aprendese a preparar pratos saudables e para que se afixese a comer de forma tranquila e relaxada.
- 9 Fixeron unha listaxe de amigos aos que había tempo que non vía e chamáronos para que, polo menos dúas veces por semana, saíse cear ou tomar algo con algún deles.
- 10 Fixeron que se apuntase a un curso de salsa e merengue para que se soltase un pouco e puidese desinhibirse.
- 11 Ademais, comprometeuse a falar polo menos con tres ou catro persoas cada día, aínda que fosen veciños, dependentes dunha tenda etc., e a sorrirlles ás persoas coas que falase.



B. Continuade traballando nos mesmos grupos. Agora ides escoitar as testemuñas. Crede que Lois e Sonia cumpriron a maioría dos seus compromisos? De que maneira? Discutide os vossos puntos de vista sobre quen cumpriu mellor coas súas promesas. Para rematar, imos facer unha votación entre todos os grupos da clase para ver quen gaña o concurso.

C. Unha vez que xa sabes quen é o gañador, imaxina que ti es o outro concursante e non estás de acordo co resultado. Escribe unha carta de reclamación dirixida ao xurado do concurso na que expós o teu desacordo.



10. TELENOSTALXIA

A. Ves moito a Televisión de Galicia? Que sabes da súa historia? Lembras con nostalxia algún programa que xa non se emite?

B. Le agora o seguinte texto e coméntao cos teus compañeiros e co profesor.

A TVG: historia sentimental de Galicia

O 24 de xullo de 1985, véspera do Día de Galicia, a maioría dos galegos agardaban expectantes fronte ao televisor a primeira emisión da Televisión de Galicia (TVG). E, en efecto, tralos discursos institucionais, a curtametraxe do director Chano Piñeiro, *Mamasunción*, daba inicio á programación da primeira canle en galego. Deseguido, un capítulo da coñecida serie *Dallas* incrementaba aínda máis a capacidade de sorpresa dos galegos, que nunca antes viran a J.R. ou a Suellen expresarse na lingua de Castelao. Desde ese momento, a TVG entrou definitivamente nos fogares galegos como unha das actividades favoritas de lecer.

A partir de entón, a TVG foi consolidando e ampliando a súa oferta televisiva e, o 29 de setembro dese mesmo ano, comezou a súa programación regular con 39 horas de emisión á semana. Do mesmo xeito, foi integrando programas de produción autóctona, que pronto se converteron en líderes de audiencia. Estes programas –algúns deles aínda en antena– foron cimentando a memoria audiovisual dos galegos. O concurso *Supermartes* e o *Luar*, na noite dos venres, foron –e no caso do segundo aínda continúa a ser– o pasatempo preferido de moitos galegos. Por non falar do incombustible *En Xogo*, que fin de semana a fin de semana segue traendo a información deportiva aos televisores galegos.

E, se grande foi o éxito dos programas autóctonos, non o foi menos o das series de produción galega. A audiencia seguiu sen pestanexar o día a día dos veciños de Portozás, vila mariñeira imaxinaria que lle daba nome á serie. *Pratos combinados*, *Libro de familia* ou, máis recentemente, *Padre Casares* captaron e continúan a captar masivamente a audiencia galega. Con eles, persoeiros televisivos como SuperPiñeiro, Galloso, Pampín, Pemán, o home do tempo, ou Morris fan xa parte da historia da TVG.

Pero a historia da Galega tamén reflicte a proxección internacional e o interese polos galegos do exterior. Así, o 29 de decembro de 1994, coa emisión do programa *Galeguidade* foi a primeira canle autonómica do estado español que emitiu regularmente vía satélite. En 1997, no Día das Letras Galegas foi pioneira en Europa ao iniciar as emisións regulares por Internet en tempo real. Actualmente, non ficou allea ás novas tecnoloxías e comezou a operar con tecnoloxía dixital terrestre.

Televisión de Galicia

C. As dúas grellas de programación da Televisión de Galicia que vas ler a continuación correspóndense con dous momentos diferentes da canle, con vinte anos de diferenza. Cres que nestes vinte anos cambiaron os gustos televisivos dos galegos?

• Pois para min...

2008

1988

11:30	Mira de axuste
12:00	Bos días
12:03	Adianto informativo
13:00	Vivir aquí
13:30	Adianto informativo
13:33	Kung-Fu “Os Hoots”
14:30	Telexornal-1
15:00	Deportes
15:15	Amazonas. Telenovela
16:00	Adianto Informativo
16:03	Sesión continua <i>O gran Gatsby</i> Dirección: Elliot Nugen Intérpretes: Allan Ladd, Betty Field, e Barry Sullivan (US. Cor).
17:30	Os supersónicos. Debuxos animados
18:00	Batman. “O paiazo sen gracia”
18:30	Adianto informativo
18:33	Arestora. Telerrevista do serán
20:00	Dallas. “O herdeiro perdido”
21:00	Telexornal-2
21:30	Venres Show
23:00	Hitchcock “Persecución de pesadelo”
23:45	Telexornal-3
00:05	O tragaluz
00:15	Remate

7:30	Xabarín Club mañás. Espazo infantil e xuvenil
8:30	Bos días. Espazo conducido por Raquel Domínguez e Xaime Airas
10:00	Walker, ranger de Texas
10:45	Diagnóstico asasinato. O doutor Mark Sloan traballa no Hospital Xeral da comunidade, ademais de colaborar co departamento de policía. Gazas á súa afección por resolver casos relacionados coa morte, axúdalle ao seu fillo, o detective Steve Slogan.
12:15	Cociña para todos
12:30	A revista. Espazo informativo conducido por Xesús Peleteiro.
13:45	Galicia noticias. Presentan Irene Lamas e Raúl Quián
14:15	Natureza
14:25	Telexornal mediodía. Presentan Alfonso Hermida e Begoña Fontenla
15:25	O tempo
15:30	Cifras e letras. Concurso presentado por Paco Lodeiro.
16:00	Acompáñenos. Programa diario de actualidade presentado por Xosé Manuel Piñeiro.
18:00	Pillados
18:10	Acurralada. Coprodución venezolana e estadounidense. Apaixonada historia de amor, odio e vinganza.
20:00	Galicia noticias serán. Presenta Tati Moyano
20:30	Telexornal serán. Presenta Marga Pazos
21:35	O tempo
21:40	Alalá
22:15	Padre Casares
23:50	Hai debate. Presenta Ana Rodríguez. Espazo de análise, opinión e debate da actualidade social e política.
00:50	Telexornal noite
01:00	O tempo
01:05	Cinema de noite. Verán sanguento
02:40	A sentinela

11. XORNALISMO E LITERATURA

A. De Cunqueiro a Méndez Ferrín, son varios os escritores galegos que colaboraron con artigos na prensa escrita. A continuación tes un artigo de Carlos Casares, un dos escritores que máis destacaron por combinar ambas as facetas. Le o texto e discute co teu compañeiro que problemas actuais se tratan nel. Cal é a mensaxe do texto? Argumenta a túa opinión.



Carlos Casares (1941-2002) foi un escritor e intelectual galego, que trabou amizade moi cedo co grupo de galeguistas vinculados á editorial Galaxia e con Ramón Piñeiro. Como escritor, as súas principais obras foron *Vento ferido* (1967), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), *Ilustrísima* (1980) ou *Os mortos daquel verán* (1987).

Compaxinou a súa actividade literaria coa xornalística, colaborando co xornal *La Voz de Galicia*, onde tiña unha

columna diaria titulada “Á marxe”. Foi, dende 1996, presidente do Consello da Cultura Galega.

VER A TELEVISIÓN ANDANDO

Hai uns anos, os viaxeiros que chegaban en avión de Europa a Nova York, nada máis desembarcar no aeroporto quedaban asombrados da devoción enfermiza que os americanos sentían pola televisión. Nas salas de espera, nas cafeterías e nos mesmos corredores que levaban dunha parte á outra daquela inmensa terminal aérea, víanse miles de persoas botando moedas sen parar nuns pequenos televisores individuais instalados nos asentos, totalmente concentrados na pantalla para seguir os seus programas preferidos.

Hai xa tempo que se deixou de ver este espectáculo. Alguén me dixo que foi a consecuencia dunha nova moda: eses aparatos portátiles que permiten escoitar música a través dun auricular. Polo visto, atan menos porque deixan os ollos libres e permiten observar o que ocorre arredor, incluídos os movementos dos cacos.

Para loitar contra esa deserción, os fabricantes de televisores acaban de presentar un aparato que combina as vantaxes dos dous sistemas: ver a televisión mentres se pasea ou se guía un coche. As primeiras probas, segundo lin onte pola tarde, non foron aínda moi satisfactorias, non pola calidade da imaxe, que parece que é fantástica, senón porque se trata dunhas gafas que obrigan a utilizar soamente o ollo esquerdo, mentres que o outro se emprega para mirar de fronte, o cal require adestramento. Haberá cola para facer cursos de aprendizaxe. ●

B. Lembras como era o teu primeiro televisor? Cales son as innovacións no terreo audiovisual que máis te sorprenderon?

- *Eu lembro que na miña casa había un grande en branco e negro...*